

## **HISTORIA DE ESPAÑA**

### **OPCIÓN A**

*Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto sobre as reformas iniciadas no primeiro bienio da Segunda República. Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: Os principais ámbitos de aplicación das reformas, como os mencionados nos docs. 1, 2, 3 e 4; as forzas políticas e sociais promotoras dos cambios; as opostas aos mesmos (doc. 5); a evolución e desenlace da confrontación en torno a tales medidas. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

**Doc.1.- O día 23 de abril de 1931, poucos días despois da proclamación da República, a *Gaceta de Madrid* publicaba o seguinte decreto:**

“A revolución de Abril, que por vontade do pobo instaurou a República en España, extingue o xuramento de obediencia e fidelidade que as forzas armadas da Nación prestaran ás institucións hoxe desaparecidas (...), vínculo de adhesión a unha dinastía ou unha persoa (...).

Art. 1º. Todos os xenerais en situación de actividade ou reserva, e todos os xefes, oficiais e asimilados que non estean na de retirados ou separados do servizo terán que prestar (...) solemne promesa de adhesión e fidelidade á República”

**Doc.2.- No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:**

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

**Doc.3.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):**

“Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parceria ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

**Doc.4.-O 21 de setembro de 1932, a *Gaceta de Madrid* publicou o *Estatuto de Autonomía de Cataluña*:**

“Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

**Doc.5.- Manifiesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):**

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...).

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.

## **HISTORIA DE ESPAÑA**

### **OPCIÓN B**

*Nos textos propostos deféndense tres sistemas políticos diferentes: absolutismo (Doc.1), liberalismo (Doc.2) e democracia (Doc.3). Atendendo a eles debes elaborar un texto no que desenvolves as seguintes cuestións: contextualización de cada documento nun período concreto da historia de España; caracterización de cada un dos réximes nos seus trazos esenciais; diferenzas entre eles en aspectos esenciais, como a soberanía, a estrutura do poder ou os mecanismos de representación e participación. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

#### **Doc.1.-En 1814, á volta de Fernando VII a España, os partidarios do absolutismo asinan o coñecido como “Manifesto dos persas”:**

“A monarquía absoluta é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado; foi establecida por dereito de conquista ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que escolleron os seus reis. Así que o soberano absoluto non ten facultade de usar sen razón a súa autoridade (dereito que non quixo ter o mesmo Deus); por iso foi preciso que o poder soberano fose absoluto, para prescribir aos súbditos todo o que mira ao interese común, e obrigar á obediencia aos que se negan a ela (...).

Non podendo deixar de pechar este respectuoso Manifesto en canto permita a nosa representación e os nosos votos particulares coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz, e por non aprobada pola V. M. nin polas provincias (...) porque estimamos as leis fundamentais que contén de incalculables e transcendentales prexuízos”.

#### **Doc.2.-En 1845, Joaquín Francisco Pacheco, líder do Partido Moderado, defende o sufraxio restrinxido:**

“Distinguimos hoxe, señores, os dereitos políticos dos dereitos civís; e se estes os concedemos a todos os cidadáns, non así os primeiros, que non podemos outorgar senón aos que os han exercer ben (...).

O dereito electoral non será un dereito de todos, e as ínfimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola razón sinxela de que non poderán exercelo convenientemente (...).

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce de certa renda ou o pagamento de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir o benestar, a vida desafoxada e doada, en que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de todos os momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito; ese benestar mediano (...), ese é o que debe tomarse como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social (...).

Quen gaña afanosamente o seu sustento nun traballo ímprobo e co suor do seu rostro, quen non pode gozar algunha vez o digno descanso (...), quen está reducido a un escaso xornal (...), non pode pretender a consideración nin a estima política”.

#### **Doc.3.-Principios e obxectivos que proclama o 20 de setembro de 1868 a Xunta Revolucionaria de Sevilla:**

“1. A consagración do sufraxio universal e libre, como base e fundamento da lexitimidade de todos os poderes e única verdadeira expresión da vontade nacional.

2. A liberdade absoluta de imprenta (...)

11. Cortes Constituíntes por sufraxio universal directo, para que decreten unha Constitución en harmonía coas necesidades da época”.

## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN A

**ORIENTACIÓNS:** Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto sobre a vida política durante o reinado de Isabel II. Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: A diversidade das forzas políticas, dende o carlismo ata o republicanismo democrático; o predominio político moderado; o intervencionismo militar na política; as circunstancias que concorren na caída do réxime. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

**Doc. 1.-María Teresa de Braganza y Borbón, muller do infante Don Carlos, expón así algunhas das ideas do carlismo:**

“Relixión, Patria e Rei (...). Rei, digo por último, pero rei pola Graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus (...)”.

**Doc. 2.-Preámbulo da Constitución de 1845:**

“Dona Isabel II, pola Graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

**Doc.3.-Comentario sobre o intervencionismo militar na vida política (*El pensamiento de la nación, 18 de marzo de 1846*):**

“As queixas contra a preponderancia militar datan de moito tempo: hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas a outras polos estados de sitio. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles aos progresistas repetir os mesmos cargos que logo reproduciron os moderados ata 1843; dende o pronunciamento de xuño do dito ano quéixanse outra vez os progresistas (...).

O poder militar é forte porque o civil é fraco, non tanto se debe pensar en abater aquel como en fortalecer este; a forza do poder civil será a ruína do militar, que deixará de ser poder e pasará a ser unha clase como as demais do Estado ...”.

**Doc. 4.-En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:**

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

**Doc. 5.-As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:**

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN B

**ORIENTACIÓNS:** Os seguintes documentos permiten realizar unha composición sobre a evolución da política económica durante o franquismo. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A etapa autárquica (contexto, obxectivos, sectores estratéxicos e resultados); a etapa “desarrollista” (razóns e obxectivos, bases do crecemento económico e balance do mesmo). Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

**Doc.1.-“Fundamentos y directrices de un Plan de saneamiento de nuestra economía, armónico con nuestra reconstrucción nacional” (1939), por Francisco Franco:**

“O problema máis grande que se presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, doutra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continuase a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...).

Imponse á nosa política comercial no exterior:

- 1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.
- 2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.
- 3º. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.
- 4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

**Doc.2.-O historiador J. L. García Delgado valora así a política autárquica:**

“O significado último desa pobreza de resultados durante a etapa inicial do franquismo ten unha dobre dimensión: por unha banda, supón o remate do proceso de crecemento moderado pero mantido que se prolonga en España durante o último terzo do século XIX e o primeiro do XX; por outra banda, ocasiona o ancheamento da fenda que separa a traxectoria de España respecto á doutros países europeos; unha diferenza que, en ritmos de crecemento e de produto real por habitante, se amplía enormemente durante eses anos. Non se esaxera, por conseguinte, cando se sitúa nese decenio dos anos corenta a pasaxe máis negativa da nosa historia económica e contemporánea, coa cruenta eliminación dos partidos políticos e organizacións de clase, con rixida disciplina laboral e drástica fixación de salarios, con mutilación das liberdades individuais e a perda, nuns casos, e marxinação noutros, dun capital humano irrecuperable. En suma, o fracaso económico correu entón paralelo á regresión política e social”.

**Doc.3.-Decreto-Lei de 20 de xullo de 1959, coñecido como *Plan de Estabilización*:**

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrontar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos (...) como consecuencia da contenda.

A guerra mundial e as repercusións que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais (...).

Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OEEC. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país”.

**Doc.4.-O Seat 600, un dos emblemas do “desarrollismo”:**



MUSEO SEAT

600 D Comercial

**Doc.5.-Emigración exterior entre 1951 e 1980:**

ANOS	AMERICA	EUROPA
1951-60	668.003	-----
1961-70	232.221	779.592
1971-80	51.663	447.794

**Doc.6.-Evolución do número de turistas, 1961-1973:**

ANO	Nº (MILLÓNS)
1961	7,4
1964	14,1
1967	17,8
1970	24,1
1973	34,5

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

### OPCIÓN A

Como tema abordado, a política de reformas emprendida dende a proclamación da Segunda República, contextualizándoa e caracterizando a ruptura política que supuxo.

No desenvolvemento do tema, débense tratar as cuestións mencionadas nas orientacións, utilizando os documentos para dar resposta a aquelas:

1. Ámbitos de aplicación (Docs. 1, 2, 3 e 4), aludindo aos progresos e dificultades na súa posta en marcha:
  - a) A cuestión militar, e a posición de boa parte da oficialidade.
  - b) A cuestión relixiosa, en relación coa política educativa, e a posición contraria da xerarquía católica.
  - c) A reforma agraria, atentatoria contra os intereses dos grandes propietarios agrarios.
  - d) O recoñecemento da autonomía catalá, extensible a outras nacionalidades históricas, agravio para os defensores da "unidade de España".
2. A caracterización, no esencial, tanto das forzas políticas promotoras como das opostas (Doc. 5) a tales medidas.
3. A evolución e desenlace da confrontación constante entre posturas reformistas e progresistas por unha banda e conservadoras e tradicionalistas pola outra; a este respecto é pertinente que se mencionen etapas posteriores ao Bienio Reformista.

Como coñecementos específicos, débense valorar achegas como a identificación de protagonistas como Manuel Azaña, as mencións concretas de forzas políticas relevantes, así como unha certa precisión cronolóxica no tratamento do período.

### OPCIÓN B

Como tema a abordar, as diferenzas esenciais entres os sistemas políticos defendidos nos documentos: absolutismo (Doc.1), liberalismo (Doc. 2) e democracia (Doc. 3).

No desenvolvemento do tema, débense tratar as cuestións mencionadas nas orientacións, utilizando os documentos:

-Contextualización de cada documento no seu período correspondente: restauración absolutista á volta de Fernando VII trala guerra contra o Francés (Doc. 1), moderantismo predominante durante o Réxime isabelino (Doc. 2) e triunfo da *Gloriosa* que en setembro de 1868 inicia o Sexenio Democrático (Doc. 3).

-Caracterización de cada un dos réximes nos seus principais trazos.

-Diferenzas en aspectos esenciais, como o exercicio do poder no absolutismo (concentración do poder en mans do soberano, fundamentada nunha lexitimidade de orixe divina), liberalismo (exercicio da soberanía nacional a través de mecanismos de representación e participación baseados no sufraxio restrinxido) e democracia (soberanía popular e sufraxio universal).

Como coñecementos específicos, débense valorar –entre outros- as mencións a personaxes importantes que protagonizan os diferentes períodos, un manexo axeitado da cronoloxía ou as referencias a algúns documentos constitucionais que dan carta de natureza a diferentes réximes.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

### OPCIÓN A

Como tema a abordar, a evolución da vida política durante o reinado de Isabel II, dando resposta ás cuestións mencionadas nas orientacións:

# Criterios de Avaliación / Corrección

1. A diversidade de forzas políticas, presentando un espectro que vai dende o carlismo por unha banda ao republicanismo democrático pola outra, e aludindo ao encaixe de moderados e progresistas no doutrinarismo liberal.
2. O predominio do moderantismo, con longas etapas de permanencia no poder, e exemplificado na Constitución de 1845, fronte a períodos máis breves de progresismo, nos que, non obstante se adoptan medidas de notable relevancia.
3. O intervencionismo militar na política, coa inestabilidade e convulsividade que comporta. A guerra e o pronunciamento, como instrumentos para o cambio político á marxe dos procesos electorais.
4. A caída do réxime en 1868, contextualizando a mesma e caracterizando os obxectivos dos pronunciados, así como as forzas políticas que promoven o cambio.

Como coñecementos específicos, deben ser valoradas as alusións a personaxes destacados do período ou as referencias a feitos e medidas relevantes de diverso significado: Constitución de 1845, Concordato, desamortizacións, Lei de Ferrocarrís...

## **OPCIÓN B**

Como tema a abordar, a evolución da política económica durante o franquismo, así como dos seus resultados, caracterizando basicamente as dúas etapas e integrando na redacción a resposta ás cuestións mencionadas nas orientacións:

1. A etapa de autarquía, que debe ser contextualizada (posguerra, aillamento internacional...) e tratada nos seus obxectivos e resultados, mencionando os sectores considerados estratéxicos.
2. A etapa "desarrollista": as razóns do cambio, os seus obxectivos e as bases do crecemento económico dos anos sesenta (emigración, turismo, investimentos estranxeiros...).

Como coñecementos específicos deben ser valoradas as referencias concretas a instrumentos políticos, lexislativos ou institucionais (INI, Plan de Estabilización, *Planes de Desarrollo*...).